

MEMORIA XUSTIFICATIVA

AMPLIACIÓN DO IES AS MARIÑAS DE BETANZOS (A Coruña). Xustificación da necesidade.

I.1 Os datos de alumnado no IES As Mariñas de Betanzos.

O IES As Mariñas, situado na localidade de Betanzos, incrementou a súa matrícula en case un 10%, dende o ano 2009. Parte deste incremento produciuse nas ensinanzas de Formación Profesional, segundo vemos no seguinte cadro:

Data: 05/04/2016

Alumnado matriculado. Centro: 15001148 - IES As Mariñas. Cursos 2009/2010 a 2013/2014. Cursos 2014/2015 e 2015/2016 (datos provisionais depurados).

REXIME	ENSINANZA	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Réxime de adultos	Bacharelato	49	82	83	85	107	84	84
	Ciclos formativos		1		2			
	Educación secundaria adultos	54	63	45	45	34	29	32
Réxime xeral-ordinario	Bacharelato	110	102	100	100	105	99	111
	Ciclos formativos	262	260	256	234	254	274	279
	ESO	102	115	104	125	148	146	146
	PCPI	24	19	44	64	49	23	
Total		601	642	632	655	697	655	652

I.2. Xustificación da necesidade.

No curso 2014/2015, dada a urxencia, acometeuse con fondos propios o novo taller para implantación do 2º curso da familia profesional de transporte e mantemento de vehículos.

Sobre este taller, executarase, con financiamento de fondos europeos, unha planta primeira, para dúas aulas de 1º e 2º curso de Formación Profesional Básica de servizos administrativos. no espazo de porche existente no edificio D.

Segundo informe motivado do servizo de inspección provincial, este curso 2015/2016 o 1º curso de Formación Profesional Básica de servizos administrativos está situado nun aula con capacidade para tan só 10 alumnos. No 2016/2017 estarán os dous cursos, o que xustifica a necesidade de realizar esta obra no verán do 2016.

I.3. Descrición da actuación.

O IES consta de sete edificios:

- O volume principal, denominado A, destinado a oficinas, sala de profesores, biblioteca, salón de actos, cafetería laboratorios, aulas de uso xeral e específico.

- Edificio B onde se sitúan os ciclos formativos de administración e de edificación e obra civil. Tamén hai aulas de Bacharelato e electricidade.
- Edificio C destinado a talleres e aulas técnicas dos ciclos de electricidade, electrónica, transporte e mantemento de vehículos
- Edificio D, obxecto deste proxecto, destinado a aulas de Bacharelato en planta primeira e a talleres de ciclos de transporte e mantemento de vehículos en planta baixa.
- Edificio E destinado a talleres e aulas técnicas de ciclos de transporte e mantemento de vehículos, Edificio F destinado a polideportivo e Edificio G como aula de música.

A ampliación consiste na execución dun forxado para dotar de dúas aulas teóricas máis ao edificio D na súa planta primeira, nunha superficie total de 116 m², para uso dos alumnos da familia profesional de transporte e mantemento de vehículos. Ademais, como obras accesorias a esta, se executa unha marquesiña de lousa de formigón impermeabilizada con pilares metálicos, dunha superficie de 40 m², unha escaleira de formigón para evacuación da planta primeira no extremo Oeste, amplíase a beirarrúa existente na fachada Oeste e se adapta a iluminación e sinalización de emerxencia en todo o edificio. Finalmente, se adapta o recinto destinado a grupo electróxico para axuste á aliñación da fachada.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016

O secretario xeral técnico,

Jesús Oitavén Barcala